Ante o problema xurdido ca Mutualidad General Deportiva unha das compañías coas que traballamos o presente ano 2012 para a cobertura do Seguro de Accidentes dos nosos deportistas. Esta federación actuando en defensa dos nosos federados tomou a seguinte decisión:

*"Que a partir do 31 de outubro de 2012 data na que os nosos federados por MGD perden dita cobertura, procedemos do 1 de novembro ata o 31 de decembro do presente ano a cubrir todos os posibles accidentes dos federados por dita compañía "quebrada", mediante un reaseguro firmado coa Correduría Campos y Rial de Vigo ca compañía Zurich". *

Quero dende estas liñas transmitiros a *máxima **tranquilidade e seguridade* *de que todas as persoas que no presente ano optaron pola opción Mutualidad General Deportiva continuarán perfectamente cubertas ata o 31 de decembro de 2012* polo novo seguro tramitado pola Federación Galega de Montañismo.

Do mesmo modo, estamos con negociacións moi avanzadas con respecto o seguro lo próximo ano, e por suposto en canto se acorden algúns flecos pendentes procederemos a comunicación a todas as entidades da nova póliza para no ano 2013, que si todo vai como pensamos será moi competitiva e con maiores coberturas que as actuais.